

# Presentación

*Darles voz ás cigarreiras.* Iso mesmo debeu pensar Emilia Pardo Bazán. Darlles voz directa, non falar sobre elas ou por elas, senón que sexan elas as que falen por si mesmas. Nesta ocasión non puidemos ir á Fábrica de Tabacos –agora convertida en Audiencia Provincial– pero buscamos lugar no que encontrarnos para falar con elas. Así, ao longo de horas de conversa con Pilar, Cani, Lolecha, Mariceli, Rosi, Elena, Camocha, Matucha, Elvira e Rosalía puidemos comprobar como –pasados xa case 20 anos do peche da Palloza– seguen emocionándose cando rememoran o seu paso polos diferentes talleres, as relacións cos xefes, as festas na fábrica, as dificultades para compaxinar traballo e familia... e, sobre todo, a dor e a tristura dos últimos días como cigarreiras.

As entrevistas tratan de recoller as lembranzas de múltiples aspectos relacionados co seu traballo, pero tamén sobre ese sentimento –que aínda manteñen– de ser cigarreiras. Moitas das cuestións presentadas están precedidas por textos literarios –a maioría de Pardo Bazán– que serven para establecer similitudes, contrastes ou para evidenciar os profundos cambios que se produciron no traballo desas mulleres co paso do tempo.

Esta publicación ten como sentimento de partida algo similar ao que debeu de atraer a Pardo Bazán cando elixiu a Fábrica de Tabacos e as súas operarias para escribir *La Tribuna*\*. Esa fermosa novela dálle voz a un colectivo de mulleres que, malia a época na que foron retratadas, xa se converteran en forza cívica que acabou por contribuír a darlle forma a idiosincrasia desta cidade. Ou aínda máis. Emilia Pardo Bazán

---

\* Existen dúas traducións ao galego da obra:  
Pardo Bazán, Emilia (2011). *A Tribuna* (David G. Couso, trad.) Noia, Toxosoutos.  
Pardo Bazán, Emilia (2021). *A Tribuna* (Valeria Pereiras, trad.) A Coruña, Fundación Luzes/Concello da Coruña.

detectou a fortaleza destas mulleres contribuindo a poñelas no papel de protagonistas dos cambios sociais que daquela estaban a acontecer. En realidade, dona Emilia non fixo máis que actuar como testemuña (pioneira, perspicaz) dunha realidade que aínda non era recoñecida.

A muralla que cinguía A Coruña, situada na actual rúa Juana de Vega, foi derribada ao longo da segunda metade do século XIX para darlle amplitude á cidade. O Ensanche comprende o que naquel momento chamaban as «leiras de Garás», que a filla do conde de Pardo Bazán atravesou diariamente –mañá e tarde– durante dous meses, para ir escoitar as voces daquelas obreiras, primeiro proletariado fabril que aparecería nunha novela en España. Tivo que pelexar para que a deixaran andar polo medio, as proletarias cigarreiras dos barrios populares non estaban cómodas ante a aristocracia da Cidade Vella. Coa obra xa publicada, algunha delas seguía a visitar a casa da rúa Tabernas como amiga; era Pepita Carrera, e sobre ela escribelle a Galdós chamándoa «mi Tribuna». Pouco antes da publicación de *La Tribuna*, dona Emilia publicara o artigo titulado *La Cigarrera*, un verdadeiro borrador da novela. Nel dá visibilidade a uns personaxes que merecían ser presentados á sociedade lectora daqueles tempos. Xa os recoñecía deste xeito.

Pois ben, 140 anos despois aínda recoñecemos trazos comúns daquel colectivo descrito por dona Emilia. O principal pertence á mesma denominación: Colectivo. A conciencia de grupo, a forza da rede tecida entre as cigarreiras non é doada de desfacer; amizades estreitas, solidariedade –entre elas e máis aló da fábrica– axudas, respaldos, iniciacións laborais, aprendizaxes... falan case dun corpo gremial. Tamén nas festas continuaban a estar xuntas.

Esa mesma capacitación profesional, e os soldos que achegaban ás familias, derivan nunha autonomía na administración das casas que se reflicte en melloras na súa calidade de vida: os estudos de fillos e fillas é importante, a nutrición e os vestidos á moda tamén. A sonda de distinción das mulleres da Coruña estaba directamente relacionada coas cigarreiras da cidade. Os milleiros de cigarreiras teñen moito que dicir. Como non!

O levantamento de 1936 detivo ideoloxías e transformou maneiras de ver o mundo. Os debates sindicais deixaron de existir. A vida diaria tomou outras maneiras e o compromiso xa non puido ser o político;

as cigarreiras continuaron a coidarse e a traballar, asistindo e participando –e tamén resistíndose, igual que as históricas– aos cambios tecnolóxicos que traía o mundo empresarial. Detéctase así mesmo en todas elas, en todas as épocas, unha certa rebelión nas posicións laborais entre homes e mulleres.

E ao final chegou o máis temido por todas elas: a fin da Palloza. E non foi posible detelo. Non foi posible celebrar o bicentenario da decana das fábricas coruñesas. Non foron suficientes as peticións e a loita das cigarreiras, dos traballadores da fabrica e da cidadanía coruñesa que apoiou as súas demandas, e a Palloza pechou as súas portas en decembro de 2002.

A tónica xeral das fábricas de tabacos foi reducir progresivamente o seu cadro de persoal, especialmente o feminino, pois a introdución da maquinaria esixía maior número de mecánicos e especialistas masculinos. Así, se en 1900 o 98,4 % eran mulleres, en 1960 reducírase ao 74,5 %, en 1970 ao 62 % e, pouco antes de pechar a fábrica, non chegaban ao 50 %. Pero non soamente foron modificándose as porcentaxes, senón que foron reducíndose drasticamente tanto os postos de traballo das mulleres como os dos homes. As razóns son varias, destacando os cambios de hábitos no consumo do tabaco e a automatización da produción. Talvez nun futuro se faga realidade a advertencia que facía, en 1881, Emilia Pardo Bazán no seu artigo *La cigarrera* cando escribía que *si los higienistas y moralistas que proscriben y condenan el uso del tabaco logran salirse con la suya, desaparecerá uno de los más curiosos tipos femeninos: la cigarrera. Porque de la elaboración del tabaco viven millares de infelices mujeres, y este vicio del cigarro es de las pocas malas costumbres masculinas que no redundan en daño del sexo femenino.*

Non sabemos se isto chegará a suceder, pero o que si podemos constatar é a dor que para moitas mulleres que traballaban na Palloza significou o peche do que fora o seu lugar de traballo durante décadas. A desaparición da máis antiga e emblemática fábrica coruñesa foi sentida por toda a cidadanía porque este colectivo de traballadoras formaban parte da esencia da cidade, da súa historia e da súa idiosincrasia.

Hoxe queremos dar a voz, escoitar a algunhas daquelas últimas cigarreiras, que rememoren as súas vivencias, os días alegres e os días difíciles,

a entrada a traballar nun lugar descoñecido, a dificultade da aprendizaxe, as relacións na fábrica, a adaptación aos cambios nas tarefas, as actividades lúdicas organizadas polos propios compañeiros... e tamén as lembranzas e sentimentos daqueles días que precederon ao definitivo peche da factoría hai xa 20 anos.

A modo de homenaxe dobre –ás propias cigarreiras de todos os tempos simbolizadas agora en dez delas, como no seu momento fixo Emilia Pardo Bazán a través da inesquecible Amparo de *La Tribuna*– queremos que quede rexistrada neste libro a voz do colectivo de traballadoras máis caracterizado da Coruña e para iso realizamos varias entrevistas ao longo de 2021, ano no que tamén se conmemora o centenario do falecemento de quen mellor soubo captar a través da literatura as vivencias das cigarreiras. As cigarreiras entrevistadas coñecen ben a obra de Pardo Bazán e todos os anos, no día da súa patroa –a virxe da Consolación–, seguen levando un ramo de flores á estatua da escritora nos cantóns coruñeses. Mentres traballabamos na organización do material deste libro acompañamos as cigarreiras nesa homenaxe e alí estaban, gallardas, fermosas, acicaladas para unha ocasión que elas sabían importante. Léronse parágrafos da novela e entre o grupo comentábase cal era o favorito, se este ou aquel. Estas cigarreiras –porque nunca deixarán de selo– sábense a novela de memoria! Que maior éxito pode ter un texto que ser recitado 140 anos despois co sentimento de formar parte del?

Para completar a testemuña viva das entrevistas, figura un capítulo inicial no que se sintetiza a historia da fábrica de tabacos da Palloza e dous finais nos que inclúe unha breve selección de termos relacionados co tabaco, así como varios anexos con documentos de interese para a historia das cigarreiras.

A Coruña, xaneiro de 2022

Ana Romero      Xulia Santiso

# Eixe cronolóxico

## Selección de datas e acontecementos significativos para a vida e historia da Fábrica de Tabacos da Palloza

### 1804-1887. Explotación en réxime de monopolio directo do Estado

- 1767. O Concello cede ao Estado os terreos para a construción do edificio destinado aos Correos Marítimos e Almacén Xeral de Víveres (1788)
- 1802. Os Correos Marítimos son trasladados a Ferrol
- 1804. Os terreos e as instalacións do Correos Marítimos son entregados á Coroa para instalar unha fábrica de tabacos
- 1807. Regulamento provisional. Director: Julián López
- 1808. Real orde que crea formalmente a Fábrica de Tabacos da Coruña. Primeira ampliación das instalacións
- 1809. O exército francés ocupa a fábrica
- 1817. O Real Decreto de 19-12-1817 publica o primeiro regulamento da Palloza
- 1828. Remata a segunda ampliación do conxunto da Palloza coa construción da *fábrica nova*
- 1831. Motín de protesta
- 1847. O persoal alcanza case os 4.000 traballadores
- 1857. Acción ludistas pola incorporación de nova maquinaria
- 1858. Visita de Isabel II
- 1874. Protestas pola escaseza de tabaco

- 1881. Terceira ampliación. Inicio das obras da nova fábrica. Rematan en 1885  
Vista de E. Pardo Bazán á fábrica e publica o artigo *La cigarrera*
- 1883. Emilia Pardo Bazán publica *La Tribuna*

### 1887-1945. O Estado arrenda o monopolio da fabricación e venda do tabaco

- 1887. Constitución da Compañía Arrendataria de Tabacos (CAT)
- 1890. Elaboración das primeiras farías
- 1896. Incendio. Importantes melloras na reconstrución
- 1910. Finalizan as obras do edificio principal da fábrica
- 1911. Muro de peche do recinto da fábrica e instalación do reloxo
- 1916. Fundación do sindicato Unión Tabacalera
- 1919. Folga xeral das cigarreiras  
Visita a fábrica a escritora Sofía Casanova
- 1920. Grande incendio o 25 de xuño
- 1924. Construción de novos almacéns
- 1928. Visita a fábrica o vicepresidente do Goberno Severiano Martínez Anido  
Inauguración e bendición da capela da fábrica

- 1933. Director: Valentín Solís de Ecénarro (1933-1955)
- 1935. Inauguración do Centro Social da Unión Tabacalera
- 1936. Peche temporal da fábrica. Inicio de procesos de depuración.
- 1937. O Concello cede terreos para ampliar instalacións

### **1945-1998. Xestión directa do monopolio**

- 1945. Constitución de Tabacalera S.A.
- 1955. Director: Juan Batllé Florensa (1955-1974)
- 1957. Elaboración dos primeiros Celtas
- 1963. Elaboración dos primeiros Ducados
- 1970. Elaboración de farías totalmente mecanizadas
- 1958. Constitución do Grupo de Empresa
- 1959. Primeira actuación da Coral da fábrica
- 1966. Importantes reformas de modernización

- 1970. Inicio das Farias nº 1
- 1974. Director: Francisco Navajas Lestau (1974-2002)
- 1985. Forte investimento para culminar o proceso de mecanización e automatización
- 1987. Inauguración da escultura de Amparo

### **1998-2002. Privatización**

- 1988. O Estado privatiza Tabacalera
- 1990. Inauguración da rúa das Cigarreiras
- 1998. Inicio das mobilizacións ante o posible peche da fábrica
- 1999. Creación de Altadis pola fusión de Tabacalera e Seita
- 2002. En xullo pecha e iníciase o desmantelamento da maquinaria  
Peche definitivo a 31 de decembro

# A fábrica de tabacos da Palloza

En 1620 estableceuse en Sevilla a primeira manufactura do tabaco na Península, especializada na elaboración de tabaco en po e atendida por persoal masculino<sup>1</sup>. O aumento da demanda de tabaco de fume orixinou a creación dunha segunda fábrica en Cádiz en 1741, como filial da sevillana, e que será a que configure o modelo das restantes fábricas de tabaco atendidas por persoal maioritariamente feminino. As razóns deste cambio estaban no aforro dos custos –polo menor salario que percibían as mulleres– e pola maior destreza que estas demostraban na elaboración dos cigarros puros. A medida que o consumo do tabaco de fume aumentaba, foi preciso abrir novos establecementos nos primeiros anos do século XIX creándose entón as fábricas de Alacant (1801), A Coruña (1804) e Madrid (1809).

---

<sup>1</sup> Os procesos de elaboración do tabaco en po eran máis acordes coas condicións físicas dos homes, como o transporte dos fardos, o picado, a colocación das pedras dos muíños e o coidado e manexo dos cabalos que os movían. En Sevilla, durante o século XVIII, incluso foron os homes os que realizaron as primeiras elaboracións dos cigarros puros.

## Evolución das instalacións

Os inicios da factoría coruñesa remóntanse ao ano 1804. A *Real Fábrica de Zigarros establecida al sitio de la Palloza, extramuros de la ciudad de la Coruña*, comezou a funcionar de forma provisional nos locais que ata ese momento ocupaban os Correos Marítimos, que se trasladaran a Ferrol en 1802. Por Real Orde de 11 de outubro de 1807, o rei ordenaba que se trasladase desde Sevilla á Coruña Julián López como primeiro director de labores da nova fábrica. Mentres non se redactase un regulamento específico, na Palloza aplicouse o de Cádiz. A mediados de xullo de 1808 traballaban na nova factoría case 400 mulleres, aumentando a 477 en maio de 1809, con idades comprendidas entre os 9 e os 44 anos<sup>2</sup>.

En 1808 comezaron as obras para adecuar as instalacións ás novas necesidades da elaboración do tabaco, pero todo quedou paralizado pola entrada das tropas francesas na Coruña e a ocupación das instalacións da fábrica en xaneiro de 1809. Aos estragos materiais había que engadir a perda de tabaco e o comportamento da Dirección da fábrica, acusada de colaborar cos franceses. A pesar de todo, a Palloza non deixou de traballar, trasladando o persoal e o mobiliario e maquinaria que se puideron salvar a unha casa da rúa de Santa Catarina<sup>3</sup>.


Restablecida a calma, retomáronse as obras e o monarca outorgou o definitivo regulamento á Palloza en 1817<sup>4</sup>. En 1828 rematou o que sería a primeira ampliación do conxunto da Palloza coa construción dun novo edificio –a *fábrica nova*– por oposición ao edificio inicial, o antigo almacén de víveres que databa de 1788 e que fora ampliado en 1808 –a *fábrica vella*–. A partir de entón, foron ampliándose as instalacións coa construción de novos edificios para poder atender a crecente demanda e os novos gustos dos consumidores.

---

2 A.R.G. Intendencia. Leg. 12, n.o 46, fols. 194-213.

3 A.R.G. Intendencia. Leg. 11, n.o 46, 1.a peza, fol, 231.

4 O Real Decreto de 19 de decembro de 1817 establecía o regulamento definitivo da Palloza. Texto en Anexos.



Planta, alzado e fachada da reforma da Fábrica de Tabacos. 1908. AMC.

En 1860 incorpóranse á fábrica as instalacións que ocupaba a casa-galera de mulleres, o que permite que poidan traballar ata 3.000 operarias. A terceira ampliación iniciouse en 1882 e rematou en 1885 coa construción dun terceiro edificio, a partir dun dos almacéns do s. XVIII, que acabará sendo o edificio principal do conxunto e o que perdura hoxe. As obras desta nova instalación remataron en 1912, cando



Vista da Palloza e da Fábrica de Tabacos c. 1910.

a Palloza adquire o aspecto exterior e interior que mantivo ata o seu peche en 2002<sup>5</sup>.

En 1896 produciuse un incendio fortuíto e a reparación dos danos causados permitiu dar maior altura ás naves, de modo que melloraron en espazo, ventilación e iluminación. O 25 de xuño de 1920 un novo incendio destruíu gran parte da Fábrica de Tabacos da Palloza. Houbo que agardar varios anos ata que se acometeu a reconstrución da parte destruída e a construción de varios almacéns novos. A partir da constitución de Tabacalera S.A., en 1945, introducíronse novos sistemas de elaboración, nova maquinaria e novas marcas de puros e cigarros.

A transformación definitiva do conxunto da fábrica da Palloza concluíu en 1985 coa inauguración das últimas instalacións coas que culminaba un proceso que colocaba a fábrica coruñesa entre as mellor dotadas de España, tanto desde o punto de vista da tecnoloxía como da capacidade de produción.

---

<sup>5</sup> Un dos cambios que orixinaron estas últimas obras foi o cambio da entrada principal, que pasou de ser a que daba ao interior do conxunto das instalacións da fábrica á que ten na actualidade, no lateral exterior que dá á praza da Palloza. En 1911 instalouse o reloxo na nova fachada principal. En 1914 construíuse un almacén fronte á fachada principal (lateral na actualidade).



A fábrica despois do incendio de 1920. Fotografía de Pedro Ferrer.


Pouco despois, o 1 de xullo de 1989, completábase a urbanización da zona da fábrica coa inauguración da praza da Palloza, presidida polo monumento ás cigarreiras, mentres a Coral Polifónica da Fábrica poñía música ao acto.



Conxunto da Fábrica de Tabacos e os almacéns de 1924 (1) e 1985 (2).

## A elaboración e a venda do tabaco

Inicialmente, a elaboración e o comercio do tabaco era unha regalía, un monopolio da Coroa, para ser cedido, posteriormente, a particulares por vía de asento. Logo de numerosos ensaios, a Lei de 22 de abril de 1887 autorizou o arrendamento do monopolio da fabricación e venda do tabaco na Península, fixándose as bases do concurso para optar a el. A Compañía Arrendataria de Tabacos –CAT– que se constituíra precisamente para este fin, conseguiu facerse co arrendamento. Esta compañía foi renovando os contratos ata que, en 1945, se substituíu por Tabacalera Española, S.A.<sup>6</sup> A entrada de España na Comunidade Económica Europea en 1986 obrigou a adaptar o monopolio á normativa europea. Tabacalera foi privatizada en 1988 e, ao ano seguinte, fusionada coa compañía francesa Seita, formouse a multinacional Altadis. Esta unión supuxo a fin de moitas factorías históricas, entre elas a da Coruña, en 2002.



Plano xeral do recinto da Fabrica de Tabacos da Coruña. 2002.

Durante máis de cen anos a fábrica coruñesa foi un *centro mixto* dedicado á elaboración de cigarros e cigarros puros, esencialmente as farías

<sup>6</sup> Tabacalera substituíu á Compañía Arrendataria de Tabacos creada en 1887 e a nova entidade introducía un novo tipo de xestión empresarial, unha xestión directa, moi diferente da fórmula da CAT de explotación da renda do tabaco mediante arrendo da mesma.

que tanta sona deron á Palloza. Todas as cigarreiras entrevistadas lembran como se foi abandonando a fabricación de puros para elaborar unicamente cigarros, así como a progresiva redución do traballo manual, ata realizar todas as tarefas de forma mecanizada e automatizada. Estes cambios repercutiron directamente no cadro de persoal, que se foi reducindo considerablemente –desde case 4.000 a mediados do século XIX a pouco máis de 300 en 2002– e tamén na diminución das cigarreiras e o aumento dos mecánicos.



As farias deron merecida fama á Palloza pola calidade do tabaco e a perfecta elaboración.

Un dos labores que máis fama deu á Palloza foron as farias, os cigarros puros elaborados co sistema inventado polo mexicano Heraclio Farias que vendeu a súa patente á CAT en 1889. O invento de Farias introducía no proceso un sistema semimecánico de fabricación de puros que aproveitaba a labra (*viruta*, febra) como *tripa*, ao tempo que a prensaba para logo envólvela na *capa*. O remate concluía a man<sup>7</sup>. En 1970 come-

7 «Es sabido que actualmente se fabrican los puros arrollando sucesivamente y con mayor esmero las hojas de tabaco, después de hacerlas sufrir, o no, la operación del desvenado, según se quiera, o no, obtener productos más o menos selectos. Este sistema tiene los siguientes inconvenientes: 1º. Con frecuencia, se doblaba la hoja de la planta, quedando herméticamente cerrada e interrumpida la comunicación entre los dos extremos del puro. 2º. Cuando esto no sucedía y no se apretaba mucho la hoja, quedaba, por el contrario, muy fácil comunicación entre los dos extremos, llegando el aire a la boca a muy elevada temperatura y sin la más pequeña modificación de los productos de combustión. [...] Todos estos graves inconvenientes se corrigen fabricando los puros por el procedimiento para el que solicitamos patente y que se reduce a formar las tripas en los puros, con hebra de tabaco, en vez de formarlas con hoja [...]. La fabricación, pues, se reduce a envolver en una primera hoja una cantidad determinada de hebra preparada [...] para darles la forma que se desee; hacer sufrir en moldes una

zou a producirse na Palloza a modalidade de Farias n.º 1, cun proceso totalmente mecanizado. Estas novas farias da Palloza alcanzaron un extraordinario éxito, o que obrigou á CAT a multiplicar a maquinaria e contratar novo persoal.

A medida que ía descendendo a produción de cigarros puros –ata desaparecer completamente da Palloza– ían incorporándose novos tipos de cigarros, tanto de tabaco negro como rubio. Así, en 1957 comezouse a elaborar na Palloza unha marca moi popular: Celtas, os primeiros cigarros de febra negra. O éxito do produto fixo que se diversificase o tipo con variantes (Celtas extra, Celtas con filtro) e en 1962 comezouse a producir outra marca de éxito de tabaco negro: Ducados. Cando, a mediados dos 80, a Palloza incorporou o tabaco rubio, foi necesario adquirir unha planta de preparación de rama que integraba as fases de humectación, batido, picado, torrefactado, refrescado e aromatizado. As marcas de tabaco rubio Fortuna e Winston foron cigarros elaborados en gran cantidade e durante moitos anos na Palloza.

A produción destes novos labores foi posible grazas á gran renovación técnica que se realizou na Palloza desde mediados dos anos 60: humectadores, laminadores, secadoiros de vea, cargadores automáticos de máquinas picadoras, equipos completos de alimentación automática de rama, cámaras de baleiro, cargadores automáticos de bateas, máquinas liadoras, celofanadoras, empaquetadoras, equipos completos de recollida, transporte, reconto de paquetes e empaquetado dos mesmos, transportes internos automáticos... é dicir, un proceso continuo, en cadea, que comezaba coa chegada da materia prima e remataba coa saída do produto para a súa venda.



---

presión a este conjunto y poner enseguida la segunda capa de hoja para darles el aspecto exterior que se quiera, cuidando que en la perilla o extremo del puro, se coloquen unas pequeñas hojas para dar más consistencia en aquella parte al cigarro, permitiendo que éste pueda mascarse, como muchos lo hacen». Heraclio Farias. *Memoria descriptiva que acompaña a la solicitud de la patente*. 1888.



A Palloza en 1972.

O forte investimento de 1985 fixo da Palloza unha das fábricas de tabacos de maior produtividade de España conseguindo producir ata 13.000 cigarros por minuto que, en unión directa coa empaquetadora, procesaban 380 paquetes por minuto, introducidos en caixas de cartón e nos seus correspondentes caixóns para o envío fóra da fábrica.

Desde 1990 e ata o seu peche a produción da Palloza era unicamente de cigarros rubios con marcas como: Fortuna, First Class, Ultra Buy, Gold Coast e Winston.